



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA

28 DE ABRIL DE 2025

No salón de sesións do Concello de Pol, sendo as 09.04 horas do día 28 de abril de 2025, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente de don Lino Rodríguez Ónega, reuníronse, en sesión pública, os señores e señoras concelleiros/as co obxecto de celebrar sesión ordinaria.

ASISTENTES

Alcalde-presidente

Don Lino Rodríguez Ónega

Concelleiros:

Don José Luis Ramudo Andión

Dona Ana Belén Seco Morado

Don César Valiña Irimia,

Dona Sonia Cervantes Rivas

Dona Nicole Grueira Fernández

Dona María Blanca Fernández Martínez

Non asisten sen excusa:

Dona Marina Ramudo Graña

Dona María Graña González

Secretaria da Corporación:

Dona María Rosa Antuña Carballés

A sesión desenvolveuse con arranxo á seguinte orde do día:

1.- Pronunciamento do pleno sobre a urxencia da sesión.

Visto o prazo de execución das obras obxecto de expediente e a necesidade de que non se produzan dilacións innecesarias na súa execución co fin de que non se vexa afectado o prazo de execución das obras que permitirá ao Concello xustificar en tempo e forma a subvención con cargo á cal se financia a actuación.

Á vista do cal a Corporación acorda con 5 votos a favor (PSOE) e dúas abtencións (BNG e PP), acorda apreciar a urxencia da sesión e continuar coa súa celebración.

2.- Aprobación proxecto técnico da obra “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (SUEGOS).

Polo señor Alcalde-presidente dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía que di textualmente:





“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO

Visto o Proxecto Técnico da obra “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (SUEGOS), DO CONCELLO DE POL (LUGO)”, redactado en marzo de 2025, por Don Jesús M. Hermida Veiga, Graduado en Arq. Técnica nº COL. 2981 COATAC e Don Oscar Valcuende Rodríguez, Arquitecto nº COL. 3233 COAG, cun orzamento base de licitación que ascende a 371.818.61 euros (incluído o IVE).

O financiamento do presente investimento execútase en gran parte con cargo a fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea – Next GenerationEU – establecido polo Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras as crises da COVID-19, e regulado segundo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

Segundo informa a Secretaria Interventora no informe de data 24 de abril de 2025, o órgano competente para a súa aprobación é o Pleno, en virtude das competencias que lle confire o artigo 21, apartado o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e Disposición Adicional Segunda, 1º, da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, non existindo crédito orzamentario para o importe que debe aportar o Concello e, ademais, tendo en conta que o valor estimado do contrato supera o 10% dos recursos ordinarios do Orzamento Municipal para o exercicio 2025 (capítulos I a IV) que ascenden ao importe de 1.954.049,59 euros.

En virtude das competencias que me confire o artigo 22, apartado n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e Disposición Adicional Segunda, 1º, do RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido de Contratos do Sector Público.

Por canto antecede PROPOÑO AO PLENO A ADOPCION DO ACORDO DE :

1º. Aprobar o proxecto de obra “EXECUCIÓN DA REHABILITACIÓN INTEGRAL DO EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (SUEGOS), DO CONCELLO DE POL (LUGO)”, redactado en marzo de 2025, por Don Jesús M. Hermida Veiga, Graduado en Arq. Técnica nº COL. 2981 COATAC e Don Oscar Valcuende Rodríguez, Arquitecto nº COL. 3233 COAG, cun orzamento base de licitación que ascende a 371.818.61 euros (incluído o IVE).

2º. Levantar o reparo con efectos suspensivos por insuficiencia de crédito orzamentario, tras as consideracións manifestadas pola Secretaria- Interventora da Corporación no informe de data 24 de abril de 2025.

Ponse o asunto a votación e por cinco votos a favor (PSOE), e dúas abstencións, unha do Partido Popular e unha do BNG, acórdase a aprobación do acordo proposto pola Alcaldía.

3.- Iniciar o expediente para a contratación da obra de SEPARATA 1.- EXECUCIÓN DA REHABILITACIÓN INTEGRAL DO EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (SUEGOS).

Polo señor Alcalde-presidente dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía que di textualmente:





“PROPOSTA DE ALCALDIA

Dada conta de iniciar o expediente para a contratación polo procedemento aberto simplificado, sen división en lotes, da obra de “SEPARATA 1.- **EXECUCIÓN DA REHABILITACIÓN INTEGRAL DO EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (SUEGOS), DO CONCELLO DE POL (LUGO)**”, redactado en marzo de 2025, por Don Jesús M. Hermida Veiga, Graduado en Arq. Técnica nº COL. 2981 COATAC e Don Oscar Valcuende Rodríguez, Arquitecto nº COL. 3233 COAG, cun orzamento base de licitación que ascende a 276.343.62 euros (incluído o IVE).

O financiamento do presente investimento execútase en gran parte con cargo a fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea – Next GenerationEU – establecido polo Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras as crises da COVID-19, e regulado segundo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, pola cantidade de 195.054,30 euros.

Visto o informe de fiscalización previo, de data 24 de abril de 2025, no que se manifesta a insuficiencia de crédito orzamentario para os gastos que non son subvencionados e resultando imposible a opción de transferencia entre outras partidas orzamentarias, procede a suspensión da tramitación do expediente ata que os reparos sexan liquidados ou se resolva, no seu caso, a discrepancia exposta polo órgano competente que, neste caso, é o Pleno.

Vista a necesidade de realizar a obra de referencia, a urxencia do inicio do procedemento, e a insuficiencia de medios, que aconsella acudir á contratación externa, así como a improcedencia da súa división en lotes.

Considerando que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, (en adiante LCSP), establece no seu artigo 159 a posibilidade de tramitar os expedientes de contratación de obras de contía inferior a 2.000.000 € mediante o denominado procedemento aberto simplificado.

Por canto antecede, DISPOÑO

Primeiro.- Levantar o reparo con efectos suspensivos por insuficiencia de crédito orzamentario, tras as consideracións manifestadas pola Secretaria- Interventora da Corporación no informe de data 24 de abril de 2025.

Segundo.- Aprobar o expediente para a contratación polo procedemento aberto simplificado sumario, sen división en lotes, da obra de “SEPARATA 1- **EXECUCIÓN DA REHABILITACIÓN INTEGRAL DO EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (SUEGOS), DO CONCELLO DE POL (LUGO)**”, redactado en marzo de 2025, por Don Jesús M. Hermida Veiga, Graduado en Arq. Técnica nº COL. 2981 COATAC e Don Oscar Valcuende Rodríguez, Arquitecto nº COL. 3233 COAG, cun orzamento base de licitación que ascende a 276.343.62 euros (incluído o IVE).

Terceiro.- Autorizar o gasto que orixina a presente contratación, con cargo aos orzamentos municipais:





CONCELLO DE POL (LUGO)

C.I.F. P-2704600B · R.E.L. 01270462

Plaza de Galicia, 1 · 27270 Mosteiro – Pol · Tel. 982 345 029 / 982 345 038 · Fax 982 345 330

-Subvención PRTR.- 195.054,30 euros (partida orzamentaria 337.622)

-Aportación municipal.- 81.289,32 euros (partida orzamentaria 5550 “pagos pendentes de aplicación”)

Cuarto.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas e o proxecto da obra de “SEPARATA 1.- EXECUCIÓN DA REHABILITACIÓN INTEGRAL DO EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (SUEGOS), DO CONCELLO DE POL (LUGO)”, redactado en marzo de 2025, por Don Jesús M. Hermida Veiga, Graduado en Arq. Técnica nº COL. 2981 COATAC e Don Óscar Valcuende Rodríguez, Arquitecto nº COL. 3233 COAG e súa licitación por procedemento aberto simplificado.

Quinto.- Aprobar a apertura da licitación para adxudicación mediante a publicación da pertinente anuncio na Plataforma de Contratación do Estado, así como a publicación do presente acordo, da resolución sobre xustificación da necesidade da contratación e dos pregos e proxecto de execución pola que ha de rexerse.

Sexto.- De conformidade co establecido no artigo 9 da Lei de 1 de outubro 40/2015 do Réxime Xurídico do Sector Público, en concordancia co establecido no artigo 22 da Lei 7/1985, o Pleno Municipal do Concello de Pol DELEGA expresamente na Alcaldía a competencia para aprobar as certificacións de obra que se liquiden como consecuencia da execución do contrato que rexerá a obra obxecto desta proposta.

Ponse o asunto a votación e por cinco votos a favor (PSOE), e dúas abtencións, unha do Partido Popular e unha do BNG, acórdase a aprobación do acordo proposto pola Alcaldía.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión, sendo as nove horas e dezanove minutos do día sinalado ut supra, de todo o cal como Secretaria, dou fe.

